

MANUAL DE CALIDADE
SISTEMA DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE
ESAD DE GALICIA

PC701.01 Planificación docente

Edicións	Data	Revisións e motivos das mesmas	Aprobación Consello escolar
1	19-06-2015	Acreditación ACSUG	29-09-2015
2	16-03-2017	Aplicación Orde 21-11-2016	4-04-2017

PROGRAMACIÓN DOCENTE ELABORACIÓN, CONTROL E REVISIÓN

OBXECTO

- Establecer o procedemento de elaboración das guías e das programacións docentes.
- Establecer o procedemento para o control das guías e das programacións docentes.
- Establecer o procedemento para a revisión das guías e das programacións docentes.

ÁMBITO DE APLICACIÓN

- Estudos de grao da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

RESPONSABILIDADES E FUNCÍONS

Dirección

- Supervisión xeral do proceso.

Secretaría

- Xestión da documentación en relación coas políticas de información pública dos documentos: páxina web, administración educativa, comunidade escolar.

Xefatura de Estudos

- Proposta de calendario de traballo e prazos.
- Supervisión e custodia do material elaborado.
- Supervisión do proceso de revisión de guías e programacións docentes en Xunta de Titulación.

Departamento de Calidade

- Elaboración do proceso e dos procedementos.
- Elaboración de documentos vinculados co proceso e cos seus procedementos.

Servizo de Garantía Interna de Calidade

- Velar polo cumprimento da norma.
- Atender e resolver SQR vinculadas co proceso e os procedementos.
- Revisión do proceso e dos procedementos.

Profesorado

- Elaborar a guía e a programación docente.
- Revisar a programación docente.
- Exercer o rol de coordinador dunha disciplina e como tal coordinar o proceso de revisión da programación docente e trasladar a mesma á páxina web da Escola.

Departamentos

- Coordinar o proceso de elaboración de guías e programacións docentes das disciplinas adscritas.

- Aprobar as guías e programacións docentes das disciplinas adscritas e as revisións anuais das mesmas.
- Supervisar e propoñer revisións e melloras nas guías e programacións docentes doutras disciplinas vinculadas coa titulación a que se vincula o departamento, sempre a través dos procedementos establecidos pola Xefatura de Estudos na Xunta de Titulación.

Equipo docente

- Valorar o desenvolvemento académico de cada grupo e propoñer melloras e revisións das programacións docentes que proceda.

Xunta de Titulación

- Valorar o desenvolvemento académico de cada titulación e propoñer melloras e revisións nas programacións docentes que proceda.
- Fixar as competencias que o alumnado debe acadar en cada curso académico e unificar criterios nos procesos de ensinanza, aprendizaxe e avaliación.
- Analizar e valorar as guías e programacións docentes realizando suxestións para a súa mellora e adecuación aos criterios establecidos nas Xuntas de Titulación.
- Coordinar os procesos de traballo nos planos interdisciplinario e transversal.
- Facer cantas suxestións se estimen oportunas para a calibración das guías e das programacións docentes nos planos disciplinar, interdisciplinario e profesional.

Comisión de Coordinación Pedagóxica

- Informar as guías e programacións docentes de cada titulación, así como a súa revisión.
- Solicitar dos departamentos a revisión das guías e das programacións atendendo aos criterios que en cada caso se estimen.

Claustro de profesores e profesoras

- Aprobar as programacións docentes e as revisións anuais.

Alumnado

- Facer as suxestións que estimen oportunas sobre as programacións docentes a través da Xunta de Delegados e Delegadas, dirixidas ao Departamento que corresponda.
- Presentar SQR mediante o procedemento habitual para as mesmas.

DESENVOLVEMENTO

Definición de conceptos

A Guía docente é o documento de carácter público no que se especifican os aspectos básicos de cada unha das disciplinas que integran o plan de estudos, segundo o disposto no Decreto 179/2015 que establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de arte dramática na Comunidade Autónoma de Galicia, e na Orde do 21 de novembro de 2016 que o desenvolve. As Guías docentes forman parte da Memoria da Titulación e non son obxecto de modificación e revisión, agás nas revisións da propia Memoria, realizadas segundo a lexislación aplicable. Para a elaboración das Guías docentes seguirase o modelo establecido no Anexo I.

A Programación Docente, é un documento normalizado no que se inclúe o tradicional concepto de programación docente dunha disciplina concreta, xunto con outra información de carácter administrativo. É responsabilidade dos Departamentos a elaboración das Programacións Docentes das disciplinas adscritas. Para iso, cada disciplina debe contar cunha persoa responsable da coordinación da mesma, se ben as Programacións se deben elaborar de común acordo entre todo o profesorado que a imparte, e, en último termo, co praxe do profesorado do departamento.

A Programación Docente, unha vez aprobada polo departamento, e polos órganos de coordinación académica, fai parte da Programación anual do centro e obxecto de información pública na web do centro.

O modelo para a elaboración da Programación docente é o que se establece en Anexo II no presente procedemento, e debe ser elaborado en lingua galega e en lingua castelá. A Programación docente é un documento público que está ao dispor da comunidade educativa e da sociedade en xeral na páxina web do centro, na Xefatura de estudos e no Departamento de Calidade. Tamén se remite á inspección educativa.

Procedemento. Elaboración

O profesorado coordinador de cada disciplina elabora unha proposta de traballo que se traslada ao profesorado que imparte esa mesma disciplina. Unha vez alcanzado o acordo, a proposta aprobada trasládase ao profesorado da mesma área de coñecemento para a súa análise, mellora, e modificación se procede. Finalmente o Departamento aproba a Programación Docente, coas melloras e modificacións que procedan e se decidan por consenso.

Nunha segunda instancia, as Programacións Docentes son analizadas en Xunta de Titulación, coa finalidade de que sexan informadas e de que se fagan as suxestións que se estimen oportunas, sempre respectando o marco teórico, conceptual, metodolóxico e práctico de cada disciplina. A finalidade desta análise consiste en potenciar a coordinación entre as disciplinas e o traballo interdisciplinario, así como potenciar a adecuación dos procesos de docencia, aprendizaxe e avaliación aos trazos específicos do exercicio profesional nas artes escénicas, sempre asentado no saber, o facer e o ser. Corresponde ao profesorado coordinador da disciplina o proceso de axuste e incorporación das suxestións realizadas, e ao departamento a aprobación definitiva.

En terceira instancia, as Programacións docentes son informadas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e aprobadas polo Claustro de profesores e profesoras, podendo darse o caso de que algunhas Programacións non sexan informadas positivamente, nin aprobadas, en tanto non se seguisen todos os pasos e as recomendacións feitas en cada caso.

Procedemento. Revisión

Finalizada a actividade docente en aula, o profesorado coordinador de cada disciplina, en colaboración co resto do profesorado que a imparte, procederá a realizar a revisión das Programacións Docentes, de ser esta necesaria. O proceso de revisión implicará elaborar dúas novas versións da Programación Docente:

- Na primeira, destinada ao Sistema de Garantía Interna de Calidade, os elementos a incorporar deben mostrarse en **letra azul**, coa finalidade de que quede constancia dos cambios e melloras introducidas. Esta versión finalizará cun Anexo no que se farán constar as razóns que aconsellan os cambios. O documento coas modificacións definitivas (**elementos novos** e o Anexo explicativo) será trasladado ao Servizo de Garantía Interna de Calidade para o seu arquivo, debendo o profesorado manter unha copia no Departamento.

- A segunda versión, no formato definitivo, será trasladada á Xunta de departamento e á Xunta de Titulación para a súa aprobación, e posteriormente serán informados e aprobados en Comisión de Coordinación Pedagóxica e en Claustro. Esta versión será incorporada á páxina web do centro e trasladada á administración educativa.

Control das Programacións Docentes

O control do cumprimento das Programacións Docentes será responsabilidade do Departamento e da área á que estea adscrita cada disciplina, e para os efectos da constatación empírica do traballo realizado na aula, o profesorado ao remate de cada cuatrimestre cumprimentará [un informe sobre os procesos realizados, segundo modelo incluído no Anexo III no IP701.17, entregando copia do mesmo á Xefatura de estudos e Departamento.](#)

Aspectos básicos que debe conter unha Programación Docente

Toda Programación Docente debe contemplar os aspectos que se indican no modelo que acompaña este procedemento. Ademais debe ter unha serie de características na súa elaboración que permitan que o alumnado poida ter unha imaxe precisa da disciplina que vai cursar. En consecuencia:

- Debe ser clara e precisa, cunha linguaxe obxectiva e non valorativa.
- Os obxectivos deben describir con claridade os resultados da aprendizaxe, vinculados con capacidades, destrezas e competencias, no saber, no facer e no ser.
- Os contidos a desenvolver deben precisar con claridade os núcleos conceptuais, teóricos, metodolóxicos, técnicos ou prácticos da disciplina.
- A planificación docente debe mostrar en que consisten as diferentes actividades previstas, e cales van ser realizadas polos docentes, cales polo alumnado e cales de forma conxunta.
- As metodoloxías de ensinanza e aprendizaxe deben describir con precisión as actividades previstas, en termos de traballos a realizar polo docente e polo alumnado.
- As ferramentas de avaliación deben contemplar as actividades ou parámetros que se consideran e os indicadores en cada caso.
- En cada avaliación, ordinaria e extraordinaria, deben explicarse as actividades para cada unha das ferramentas utilizadas, de xeito que o alumnado saiba como vai ser avaliado, con que parámetros e con que indicadores.
- A bibliografía debe ser concisa e precisa, de doada localización e manexo.
- No capítulo de observacións e recomendacións deben incluírse todas aquelas cuestións que teñan que ver con competencias necesarias, con materias anteriores ou posteriores, co perfil profesional, ou con prácticas previas que poden ser interesantes.
- Cando nunha materia se contemplen actividades complementarias ou outras actividades a realizar fóra dos tempos lectivos de aula, deben incluírse no apartado que corresponda. As mostras de traballo, clases abertas ou prácticas externas deben incluírse con precisión.

ANEXO I

Guías docentes, elaboradas segundo o modelo establecido no artigo 25 da Orde do 21 de novembro de 2016, que se integran na Guía de Titulación, e que recollen o modelo proposto tanto pola ANECA como pola ACSUG.

Unha vez cubertos os datos, hai que borrar as instrucións (en azul).

Materia: denominación	
Disciplina: denominación	
Curso	
Cuadrimestre	
Carácter	(Formación básica, Obligatoria, Optativa)
ECTS	
Linguas nas que se imparte	GA (galego), CA (castelán), EN (inglés), PT (portugués)
Obxectivos	(os que aparecen na programación docente)
Competencias transversais	(ver anexo “competencias e avaliación”) (letra número)
Competencias xerais	(ver anexo “competencias e avaliación”) (letra número)
Competencias específicas	(ver anexo “competencias e avaliación”) (letra número)
Contidos	(só a denominación xeral dos bloques temáticos)
Metodoloxías docentes	(incluír listaxe, a partir do documento “metodoloxías” que se envía)
Criterios de avaliación aplicables	(incluír listaxe, segundo os criterios que aparecen no documento que se xunta: “competencias e avaliación”) AT1, AX10, AD12
Procedemento de avaliación con ponderación (en porcentaxe)	(por exemplo: traballos de aula (40%), práctica individual (20%), memoria (20 %), asistencia e participación (20%)
Observacións	DISCIPLINAS CON CONTIDOS PROGRESIVOS: Para ser avaliado nesta disciplina, hai que ter aprobadas as disciplinas anteriores coa mesma denominación. (calquera outra observación que sexa pertinente)
Outros	O alumnado que perda o dereito á avaliación continua será avaliado segundo o procedemento que se establece na programación docente anual. Os procedementos de atención á diversidade serán recollidos na programación docente anual.

ANEXO II

Instrucións para elaboración e Modelo de Programación Docente

AS PROGRAMACIÓNS DOCENTES

Unha Programación Docente é o documento público no que se concreta a función educativa dunha disciplina dentro do marco da titulación na que está integrada. Representa ademais o compromiso da Escola de ofrecer ao alumnado unha formación rigorosa, coherente e de calidade.

Toda Programación Docente debe determinar con claridade o que se agarda que aprenda o alumnado, que actividades de ensinanza e aprendizaxe se desenvolverán e como se avaliarán os resultados. Para tal fin, é imprescindible que teña unha redacción clara e precisa, cunha linguaxe obxectiva e non valorativa.

A Programación Docente facilítalle ao profesorado a planificación do seu traballo e representa a ferramenta esencial para a coordinación entre as diferentes disciplinas ofertadas pola ESAD de Galicia. Para facilitar esa tarefa, as Programacións deben ser transparentes e moi concretas á hora de reflectir o traballo real que se agarda desenvolver nas aulas.

Se unha Programación Docente está ben desenvolvida, permitirá que o alumnado poida:

- Afrontar a aprendizaxe cunha maior motivación.
- Comprender con facilidade que competencias e ferramentas adquirirá se supera a disciplina.
- Coñecer os criterios de esixencia cos que se valorará e avaliará o seu traballo.
- Entender a necesidade da disciplina dentro do plan formativo xeral.
- Recoñecer a utilidade da materia para a inserción no mundo profesional.

O modelo de Programación Docente da nosa Escola contempla diversos apartados, para os que a continuación ofreceremos unha serie de instrucións para a súa elaboración.

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA

No apartado de DISCIPLINA deberase indicar o nome da unidade curricular que comunmente se entende como 'materia'. En MATERIA deberá indicarse o nome da unidade curricular que en todos os ámbitos do coñecemento se entende como "disciplina" ou "disciplina académica". Cómpre lembrar que o número de CRÉDITOS ECTS marcará o volume de horas que o alumnado deberá dedicarlle á disciplina.

2. COMPETENCIAS

Neste apartado teranse en conta as competencias que para cada materia veñen indicadas na lexislación de referencia.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA

Deberán describir con claridade os resultados da aprendizaxe. Xa que se deben formular en relación ás competencias, expresaranse en termos de "saber facer". Agora ben, en todo "saber facer" deberán contemplarse aspectos conceptuais, procedementais e actitudinais. Os obxectivos teñen que ser comprensibles, motivadores, realistas, coherentes, operativos e, sobre todo, avaliábeles. Indicarán as capacidades que debe adquirir o alumnado para superar a disciplina.

4. CONTIDOS

Deben precisar os núcleos conceptuais, teóricos, metodolóxicos, técnicos ou prácticos da disciplina, dunha forma clara e precisa.

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Debe cuantificar o tempo que se dedicará ás diferentes actividades previstas e a natureza das mesmas.

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Deben describir con precisión as actividades previstas, en termos de traballos a realizar polo docente e polo alumnado, de forma individual e/ou en grupo.

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

O profesorado, ademais das titorías docentes, establecerá aqueles procedementos e actividades que estime necesarias ou aconsellables no acompañamento do proceso de traballo do grupo e de cada un dos seus integrantes.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

Deben contemplar as actividades ou parámetros empregados para determinar se o alumnado acadou os obxectivos de aprendizaxe. Para cada unha das avaliacións, ordinaria e extraordinaria, deben explicarse os procedementos de avaliación para os obxectivos da materia, de xeito que o alumnado saiba como vai ser avaliado, con que parámetros e con que indicadores. Igualmente se deben incluír os criterios de avaliación para alumnado con perda da avaliación continua, aquel alumnado que non teña asistido a un 10% das actividades de aula previstas.

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

Debe ser concisa e precisa, de doada localización e manexo.

10. OBSERVACIÓNS

Deben incluírse todas aquelas cuestións que teñan que ver con competencias necesarias, con materias anteriores ou posteriores, co perfil profesional, ou con prácticas previas que poden ser interesantes. Cando nunha materia se contemplan actividades complementarias ou outras actividades a realizar fóra dos tempos lectivos da aula, deben incluírse no apartado que corresponda. As mostras de traballo, clases abertas ou prácticas externas deben incluírse con precisión.

MODELO

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	NON CUBRIR
MATERIA	
DISCIPLINA	
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	
ITINERARIO	
CURSO	
CRÉDITOS ECTS	
CARACTER	
DEPARTAMENTO	
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	
DOCENTES	Nome e apelidos: Horario titorías: Despacho: Contacto: Nome e apelidos: Horario de titorías: Despacho: Contacto:
DESCRICIÓN	
COÑECEMENTOS PREVIOS	
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input type="checkbox"/> Castelán <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/>
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
T5	Comprender e utilizar, cando menos, unha lingua estranxeira no ámbito do seu desenvolvemento profesional.
T6	Realizar autocritica cara o propio desempeño profesional e interpersoal.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos culturais diversos.
T10	Liderar e xestionar grupos de traballo.
T11	Desenvolver na práctica profesional unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara á diversidade.
T12	Adaptarse, en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance coa responsabilidade cara o patrimonio cultural e medioambiental.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social verbo da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e na súa capacidade de xerar valores significativos.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE	
3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	
1.	COMPETENCIAS VINCULADAS
2.	
3.	
4.	
5.	

6.			
7.			
8.			
...			
4. CONTIDOS			
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS	
1...	1.1 1.2 ...		
2...	2.1 2.1.1 2.1 ...		
TOTAL SESIÓNS			
5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introductorias			
Exposición maxistral			
Exposición práctico-teórica			
Práctica individual			
Práctica colectiva			
Obradoiro			
Seminarios			
Actividades complementarias			
Outros			
Tutorías individuais			
Tutorías de grupo			
Actividades de avaliación. Probas			
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras			
Actividades de avaliación. Revisión			
TOTAL	%		
PORCENTAXE	%		
6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE			
Actividades	Descrición		
Descrición	Descrición		
7. ATENCIÓN PERSONALIZADA			
8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN			
8.1 Avaliación ordinaria			
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación	
Descrición	Descrición		
8.2. Avaliación extraordinaria			
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación	
Descrición	Descrición		
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria			
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación	
Descrición	Descrición		
9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS			
Referencias básicas			
Referencias complementarias			
10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS			

ANEXO III (IP701.17)

Curso 20__ ---20__

**FOLLA DE SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN E
AVALIACIÓN**

Curso:	Cuadrimestre 1º <input type="checkbox"/> 2º <input type="checkbox"/>
Grupo:	
Disciplina:	
Profesor/a:	

Horas previstas		Horas Impartidas		%
Temas previstos		Impartidos		%
Observacións:				

alumnado				
Asistencia Habitual a clase		Asistencia circunstancial		Absentismo absoluto
Sobresalientes		Notables		Aprobados
Porcentaxe		Porcentaxe		Porcentaxe
Suspensos		Non Presentados		Anulación convocatoria
Porcentaxe		Porcentaxe		Porcentaxe

Observacións

Propostas de revisión da Programación
Liñas de coordinación con outras disciplinas e departamentos

Asdo:

Data: